

Antía Otero. Poeta

"Escribir é pararse, poñer algo o zoom sobre algo"

"Cada vez son menos actriz", di a escritora que segue a medrar en Antía. Móvena o afán de entender a palabra "Leventeíá", na que prende o amor arrebatado pola vida

¿Canta esperanza hai nos ollos de Antía Otero? ¿Tanta como libros na casa dos pais? "Os libros xa non collen alí", sorrí esta neta de labregos, a terceira de catro irmáns. Creceu na Estrada entre lendas e contos. Momo marcou a súa infancia, "con eses homes de gris que aínda se poden ver por todas partes", estragando a valía do tempo. Conforme el avanza, os interrogantes gañan espazo na vida e na escrita da autora de *O son da xordeira*, como o pasado no armario. Cando escoitou a poesía no ruído das máquinas das costureiras do seu barrio, Antía tiña 17 anos. Entón dicía: "Exclamando son eu". Nunha década mudou de casa varias veces e cortou as trenzas, como a Carrapuchiña vermella da que fala no seu blog (agardandoagodot.com/). "Unha vez, de nena cortei o pelo e fíxenme unha perrera", di. ¿E como quedou? "¡Trasquilado, e eu encantada! Son un pouco así. Móvome por obsesións". Sen descalzar as zapatillas de baloncesto con punteira branca, camiñou na escrita mirando cara atrás. "Non es a mesma aos 17 que aos 30. Sobre todo cando dos 17 aos 30 non parache de escribir".

-Escribir nunca é doado, dino no seu blog.

-Para min ese proceso é cada vez máis lento. A medida que unha madura na escrita e na vida vaise facendo menos preguntas sobre como facer, e máis sobre por que e para que. A forma ten unha importancia vital, pero os por ques e os para ques son aínda máis importantes. A honestidade é antes que a forma.

-¿Non é a escrita un impulso?

-Si, pero sempre hai un por que detrás, que se vai descubrindo na propia escrita.

-¿Mirar atrás para seguir adiante?

-O pasado debe ter un oco no armario. O pasado non é esa roupa que pos todos os días, pero si ten un lugar. É preciso convivir con el. Coa infancia, que é algo que comezas a entender conforme a vas abandonando.

-¿Como oíu "o son da xordeira"?

-Reparando nesas mulleres que escoitaba traballar nas máquinas de coser na Estrada. O ruído do seu traballo, velas coser e coser pola ventaíña espertou algo en min. Tamén por iso teño unha postura crítica coa moda, polas horas que hai detrás do escaparate. Para min naquel momento era importante exclamar, falar sobre aquilo exclamando.

-¿Cal é agora o seu signo ortográfico?

-Non o sei... Agora, constantemente me estou facendo preguntas.

-¿Cales as perseguen máis?

-Non son preguntas tan existencialistas como concretas. Me digo: estou aquí, escribo, pertenzo a esta sociedade. ¿Que é o que fago?¿Que podo facer?

-¿Escribe por vocación?

-Temos medo a utilizar determinadas palabras, pero si, supoño que si escribo dende os 15 anos teño a vocación de escribir. Escríbese por unha mestura de cousas. O que che permite a escrita é rumiar. Eu son unha gran rumiante.

-¿Apréndese a mastigar mellor coa idade?

-Quizais te volves máis selectiva. Por iso pasa máis tempo entre un libro e outro, e o proceso de creación vólvese máis lento. Escribir é pararse, focalizar, poñer o zoom sobre algo. No meu caso, é un proceso moi solitario. E doloroso tamén. É algo que leva consigo sufrimento e pracer.

-¿Como vivir?

-Si. Mira [amosa un libro que lle regalou un alumno seu. Busca entre as páxinas e sinala unha palabra]. É un termo grego no que pararse, leventeiá. Significa amor arrebatado pola vida, fogosidade, audacia. Ten que ver con disfrutar do momento.

-O tempo vains cambiando, ¿e os lugares?

-A min obsesiónanme os lugares vividos, mesmo a infancia como lugar vivido. Os lugares son a xente que os conforma. Hai lugares marabillosos que che dan o mesmo que che quitan. Un deles é Compostela.

-¿É a poesía minoritaria?

-Esa é unha etiqueta cómoda. Hai que facer por achegar a poesía á xente. ¡Niso estamos!

-¿Que agarda da escrita?

-Seguir escribindo. Que a literatura me axude a entender máis. Con iso é suficiente.